

TÍTULO: TABOLEIRO DE TAMAÑOS



OBXECTIVOS

- Desenvolver a aprendizaxe de conceptos matemáticos como ordenar de maior a menor.
- Favorecer a identificación dos tamaños: pequeno, mediano e grande.
- Fomentar a capacidade de asociar as cores.
- Desenvolver habilidades de motricidade fina.
- Mellorar a memoria espacial e visual.

MATERIAIS

- 9 rolos de papel hixiénico.
- 1 cartolina ou cartón de tamaño 30x25 cm. Aprox.
- Pinturas de cor amarela, vermella, azul e verde.
- Cutter ou tesoura.
- Regra.

XEITO DE REALIZALO

1. Debuxamos os 9 círculos en filas de 3 no taboleiro, utilizando o propio rolo de papel hixiénico como patrón.
2. Agora vamos cos rolos de cartón, podedes usar tamén os rolos de cociña, necesitaredes 6 máis ou menos dependendo das medidas que vaiades a cortar. Para a fila da **cor azul**, poñemos os **rolos enteiros**. Para a fila da **cor**

verde e amarela usamos só 3 rolos de papel hixiénico, recortando a **2.5cm**, estes trozos son a fila da cor amarela e o **sobrante** é a fila da cor verde. Para a fila da **cor vermella** recortamos 3 rolos de papel hixiénico **4.5cm**.

3. Pintamos por filas de 3 as cores indicadas anteriormente, tal e como se aprecia na imaxe, azul para as grandes, verde para as medianas seguintes, vermello para as que seguen e amarelo para a última fila, que son as pequenas. Pintamos tamén por filas de 3 cores o taboleiro.
4. Por último, facemos 4 cortes nos extremos de todos os tubos de papel hixiénico, como podemos observar na imaxe.